

## RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL número P-VX-0019/08 presentada pola entidade promotora DISMAREATE, S.L.U.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en diante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

### RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm P-VX-0019/08

As características da promoción son as seguintes:

Localización: Baratillo, 3 – 1ºA - PONTEAREAS

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: rematada

Número e tipoloxía das vivendas: (garaxe e rocho incluído)

1 vivenda na rúa Baratillo, 3	63,18 m <sup>2</sup>
-------------------------------	----------------------

Prezo de venda:

- Baratillo, 3 – 1º A	117.328,20 €
-----------------------	--------------

Forma de pago:

Cheque bancario ou Transferencia.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

